

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 30 DE XULLO DE 2.020

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as doce horas e quince minutos do día trinta de xullo de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez; D. Luis Varela Pérez; D^a María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, D^a Pilar Méndez Lombao; D^a María José Martínez Vigo; D^a Elvira Lobao Vila; D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández e D^a Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

D^a Tania Díaz Seijas se incorpora no punto cuarto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O EXERCIZO 2020

Inicia o debate o Alcalde defendendo a seguinte proposta de resolución:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Formado o Orzamento Xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio económico 2020 así como, as súas Bases de Execución e o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o informe do orzamento 2020 da Interventora municipal.

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Presupuestaria e da Regra de gasto.

Visto o informe da RPT do concello.

Visto o anterior, propón ó pleno a adopción do seguinte acordo, previo Ditamen da Comisión de Asuntos do Pleno.

PRIMEIRO: Aprobar o límite de gasto non financeiro, regulado no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera, para o exercicio 2020 do orzamento do concello de Outeiro de Rei, na contía de 4.539.869,35 €.



SEGUNDO: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Outeiro de Rei, para o exercicio económico 2020, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

AP.	C	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
		A.- OPERACIONES CORRIENTES		
		GASTOS DE PERSONAL	1.199.689,09	19,267
	1	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	2.251.103,07	30,828
	2	GASTOS FINANCIEROS	23.000,00	0,287
	3	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	194.682,55	3,752
	4	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00	0,000
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES			3.668.474,71	58,916
		B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
	6	INVERSIONES REALES	2.548.181,27	40,924
	7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,000
	8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
	9	PASIVOS FINANCIEROS	10.000,00	0,161
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL			2.558.181,27	41,084
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS			6.226.655,98	100,000

ESTADO DE INGRESOS

	1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.237.000,00	19,866
	2	IMPUESTOS INDIRECTOS	90.000,00	1,445
	3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	2.412.400,97	38,743
	4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	1.803.719,14	28,968
	5	INGRESOS PATRIMONIALES	0,00	0,000
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES			5.543.120,11	89,022
		B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
	6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00	0,00
	7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	638.972,60	10,262
	8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
	9	PASIVOS FINANCIEROS	44.563,27	0,716
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL			683.535,87	10,978
TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS			6.226.655,98	100,000

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e cargos electos con dedicación exclusiva.



CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 375.074,06 euros.

QUINTO. Aprobar a RPT do concello de Outeiro de Rei, para a súa aplicación a partir do carto trimestre do ano.

SEXTO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2020, as Bases de Execución e Anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SÉTIMO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

OITAVO. Remitir copia á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia.

O Alcalde dí que é un orzamento altamente inversor, mantense a liña do concello de non ter endebedamento e mantén servizos de calidade de cara aos vecinos dentro do equilibrio presupuestario.

A concelleira do PSOE comparece decindo que este orzamento conta cun millón de euros menos que o orzamento do ano pasado e que debido á situación do Covid, as taxas de abastecemento de auga e recollida de lixo van a subir.

Advirte que a partida adicada ao Plan da Palloza é a mesmo que a do ano pasado. Pregunta ao Alcalde cómo está ese plan xa que leva máis de 10 anos orzamentándose ano tras ano sen que nada cambie.

Tamén asegura que para o enganche á liña da electricidade que vai ao Circuito de Robra pedíronse aos vecinos cantidades desorbitadas, pero non aos veciños da Palloza. Lébralle ao Alcalde que xa dixera o ano pasado que se ía reunir cos vecinos da Palloza e que os veciños a día de hoxe non saben nada desa reunión.

O concelleiro do grupo municipal o BNG, Xavier Molinos, di que o orzamento é a única forma dos administrados de poder fiscalizar a acción o goberno do Alcalde e que en minuto e medio liquidou a súa presentación e defensa.

Anuncia que votarán en contra, primeiro porque incumpre os prazos establecidos pola lei, xa que os orzamentos teñen que estar aprobados antes do un de xaneiro e xa vai máis de medio ano pasado.

En segundo lugar, alude ao proxecto da Palloza ao que fixo mención a concelleira do PSOE, que representa case o 25% do orzamento, e que este sendo este inferior ao do ano pasado nun 26%.

Os orzamentos presentados deixan moitas necesidades sen cubrir, non hai unha partida adicada á piscina municipal, a pesares da demanda veciñal. Dende o BNG consideran necesaria a posta en marcha de medidas económicas para afrontar as consecuencias derivadas de emerxencia sanitaria e axudas dende a administración local para reactivar a actividade económica (traballadores afectados, axudas a PEMES e autónomos, reforzo aos Servizos Sociais, fondos para compra de EPI's..). Nada de isto se prevé neste proxecto de orzamentos.

Incide en que non se adaptan os orzamentos ás circunstancias novas, como se todo seguise igual. Pon coma exemplo que se mantén a partida para subvencións ás festas parroquiais, cando non se están a celebrar, namentres non se contempla partida algunha para implantar protocolos anti COVID no eido do ensino.



En relación á situación de aparente inexistencia de débeda pública á que fai referencia o Alcalde, informa que existe unha operación de crédito de 1.200.000 € dende outubro de 2019 e que vence en outubro deste ano, a pesares do cal todavía existen facturas do exercizo 2019 sen aplicar ao orzamento e que se imputarán ao exercizo 2020. Esta circunstancia pon de manifesto unha falla de previsión orzamentaria no ano 2019 que, por outra banda, traslada un risco de insuficiencia de crédito para os orzamentos do ano 2020.

Propónse a aprobación dunha chamada RTP para crear 10 prazas de persoal laboral ás que se adscriben con carácter provisional aos traballadores que actualmente ocupan ditos postos en condición de persoal laboral temporal. Neste punto advirte que no informe de intervención se califícase como posible fraude de lei a creación de estos postos ao tempo que informa que o valor outorgado ao punto na valoración dos postos non está suficientemente motivado.

O Alcalde responde á concelleira do PSOE que non se prevé un millón de euros menos, e solicita que estude o orzamento.

Polo que se refire o concelleiro do BNG respóndelle que non existe unha baixa nas partidas de emprego, xa que púxose en marcha un Programa Integrado de Emprego e Obradoiros de Emprego.

O proxecto da Palloza ten que orzamentarse no estado ingresos para poder poñelo en marcha, e próximamente farase a reunión cos veciños.

E con respecto a pedir aos veciños 4.000 euros, que “ou se confunde ou nos quere confundir”, estamos falando doutros veciños que non teñan luz e que tiñan que facerse cargo de todo o custo para levar enerxía ás casas.

Aproveitando unha liña que había que reforzar a liña para suministrar enerxía ao Circuito de Robra, e utilizando os criterios de máxima racionalidade e de máximo aforro para os veciños, ofrecéuselles a posibilidade de participar no tendido da nova liña, participación que lles aforra a cada un deles moitos cartos, xa que a compañía eléctrica pedíalles cantidades desproporcionadas para reforzar a liña até as súas casas (nalgúns casos máis de 12.000 euros).

Non se deixaron abandonados aos veciños da Palloza, xa se realizou algunha actuación, coma levar a rede de auga ou reforzar a liña eléctrica que garanta o futuro suministro, e nos próximos meses se porá en marcha as actuacións de urbanización.

Como dixo o concelleiro do BNG que todos os anos se facía o mesmo, respóndelle que o PP son moi previsibles. Levan 40 anos con maioría absoluta, decindo que se engana, pero os resultados do PP de Outeiro o demostran.

Contestándolle que adicou pouco tempo ao orzamento, pois unhas veces criticao porque fala moito e outras porque fala pouco.

Respecto á piscina municipal informa da existencia de un protocolo asinado coa Conselleira para financiar a construción de novas piscinas municipais, e estase facendo unha tramitación de modificación de planeamento para situala no sitio axeitado, polo que nesta legislatura vaise poder executar esa piscina.

Paliar os efectos do Covid-19 o Alcalde espera que os poida paliar o Goberno de esquerdas co recate que lle ofrece Europa de 140 mil millóns de euros.

O concello ten unha operación de tesourería que todos os anos falan dela. Esta operación de tesourería permite que os veciños non teñan que adiantar o pago dos impostos aos primeiros meses do ano, xa que o Concello ten que pagar os servizos dende o día 1 de xaneiro.



En relación á RPT, resposta que se trata de reflexar unha realidade laboral que existe neste Concello, e parece mentira que se erixan coma defensores dos traballadores cando o que se pretende é clarificar a súa situación laboral, aínda que non lle sorprende logo da xestión do goberno de esquerdas da situación de Alcoa ou de As Pontes.

A concelleira do PSOE insiste ao Alcalde que non lle respostou como está a tramitación da urbanización de A Palloza e que a cifra prevista nos orzamentos é a mesma dende aí 10 anos e segue sen solucionarse.

O concelleiro do BNG, Xavier Molinos, responde ao Alcalde que a cifra dos orzamentos do ano pasado non se a inventa, está reflexada na liquidación do orzamento incorporada ao expediente.

Co tema da Palloza os veciños levan así 17 anos, polo que demandan feitos, e non palabras.

Incide en que o orzamento chega tarde e a Xunta e a Deputación o ten aprobado dende decembro do 2019 e ao abeiro do artigo 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 di “o Alcalde-presidente debe remitir o orzamento da corporación ao concello pleno informado pola Interventora e xunto cos anexos e a documentación complementaria antes do 15 de outubro de cada ano para a súa aprobación, enmenda e devolución e a súa aprobación definitiva antes do 31 de decembro do ano anterior ao exercicio que debe aplicarse” polo que se incumpre a lei.

Volve recalcar no pago das facturas do ano 2019 que se imputan ao exercicio do 2020, e que implica un incumprimento sistemático da normativa orzamentaria e do período medio de pago. Tamén afirma que para a aprobación da RTP é obrigatorio unha negociación colectiva previa e, polo que se ve no informe de Intervención, non a houbo e tampocou consta o preceptivo informe do Secretario.

O Alcalde asegura que o compromiso da corporación e que se vai a traballar e intentar levar adiante a urbanización da Palloza.

Laméntase que critiquen a tardanza nos orzamentos namentres a Administración Xeral do Estado segue cos orzamentos de Montoro. Fai como 3 anos que se aprobaron eses orzamentos e os orzamentos do Estado están sen presentar e sen aprobar.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e catro votos en contra, pertencentes aos concelleiros do BNG e máis do PSdG-PSOE.

2. RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA. MODIFICACIÓN DE TRAZADO DE CAMIÑO PARA AMPLICACIÓN DO CEMITERIO DE CASTELO

O Alcalde defende a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA: MODIFICACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO PARA AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE CASTELO

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:



O Concello de Outeiro de Rei formulou un proxecto de ampliación do Cemiterio de Castelo, ampliación que require da ocupación de parte do camiño público que actualmente linda polo sur co actual cemiterio.

Para garantir a continuidade viaria, o tramo actual de camiño veríase modificado, de xeito que se axustaría ao novo linde sur do cemiterio xa ampliado.

As parcelas iniciais catastrais afectadas son as seguintes:

- Parcela 002300400PH17H0001UE, na que se atopa a IGREXA e o CEMITERIO, de superficie segundo catastro de 813 m²
- Parcela 27039B002003140000OE, na que se atopa a Reitoral, de superficie segundo catastro de 3.868 m²
- Entre ambas hai un camiño público municipal coa referencia catastral 27039B002090090000OK, coa superficie segundo catastro de 6.859 m²

As operacións a realizar para ampliar o cemiterio e modificacar o trazado viario son as seguintes:

I. Desafectación de unha superficie de 88m², do actual camiño público municipal con referencia catastral 27039B002090090000OK, para a súa ulterior agrupación á parcela 002300400PH17H0001UE.

II. Afectación a dominio público municipal de unha superficie de 487 m² da actual parcela 27039B002003140000OE para a súa ulterior cesión para camiño público municipal, co que se agrupa á superficie catastral do camiño actual.

III. Segregación da parcela 27039B002003140000OE, propiedade da Dióceis de Lugo das seguintes superficies:

- 487 m² para cesión para camiño público municipal, co que se agrupa á superficie catastral do camiño actual
- 112 m² que se agrupa á parcela 002300400PH17H0001UE para a ampliación do cemiterio.

O total de superficie que se segrega da parcela 27039 B002003140000OE propiedade da Dióceis de Lugo é de 599 m².

IV. Agrúpase á parcela 002300400PH17H0001UE para a ampliación do cemiterio a superficie de camiño público de 88 m². Por tanto, a superficie final que cede a Igrexa ao Concello para camiño público, restando a do camiño público actual que se agrupa á parcela do cemiterio de: 399 m². As superficies resultantes finais son as seguintes:

- Parcela do cemiterio e igrexa 002300400 PH17 H0001UE: 1.013 m²
- Parcela da reitoral 27039 B002003140000 OE: 3.269 m²
- Parcela de camiño público: 7.258 m².

Coa finalidade de realizar tales modificacións e iniciar as obras de ampliación do cemiterio requírese da tramitación do expediente de alteración da calificación xurídica regulado no artigo 81 LBRL.



O título xurídico que habilita ao Concello para acometer a obra de ampliación do cemiterio é o artigo 26.1.A, que establece o servizo de cemiterio como servizo de prestación obrigatoria.

Por outra banda, o feito de que o cemiterio sexa de titularidade de unha entidade sin ánimo de lucro (Diócesi de Lugo), non obsta para que se acometa tal obra, xa que contribúe á mellor satisfacción do servizo público dos veciños da parroquia.

Á vista do anterior o día 16 de abril de 2020 iniciouse expediente de desafectación de unha superficie de 88m², do actual camiño público municipal con referencia catastral 27039B002090090000OK, para a súa ulterior agrupación á parcela 002300400PH17H0001UE, así coma da simultánea afectación ao dominio público municipal de unha superficie de 487 m² da actual parcela 27039B002003140000OE para a súa ulterior cesión para camiño público municipal.

Asemade, coa publicación de anuncio indicativo no BOP de 19 de maio de 2020 e mediante publicación no taboleiro de edictos municipal abriuse un trámite de información pública de un mes, a fin de que calquer persoa puidese alegar o que estime convinte na defensa dos seus intereses.


Rematado o prazo de información pública constátase que non se presentou alegación ou suxerencia algunha.

Consta no expediente o informe favorable da Comisión provincial de Patrimonio da Consellería de Cultura.

Por tal motivo, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

RESOLVER o expediente de desafectación de unha superficie de 88m², do actual camiño público municipal con referencia catastral 27039B002090090000OK, para a súa ulterior agrupación á parcela 002300400PH17H0001UE, acordando a simultánea afectación ao dominio público viario municipal de unha superficie de 487 m² da actual parcela 27039B002003140000OE, tal e como se detaxa no plano anexo

ANEXO



Non xurdindo intervencións sométese a votación a proposta de resolución transcrita.

Realizada a votación a proposta resulta aprobada con once votos a favor e unha abstención pertencente á concelleira do PSdG-PSOE.

3. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XUIZ DE PAZ

Iníciase o debate asumindo o Alcalde a defensa da seguinte

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XUIZ DE PAZ

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

De conformidade có disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, corresponde ao Pleno dos Concellos a elección do Xuíz de Paz. O nomeamento do Xuíz de Paz terá una vixencia de catro anos.

En tanto o período de vixencia do nomeamento realizado anteriormente xa finalizóu, procede iniciar novamente o procedemento tendente á selección de Xuíz de Paz.

A tal fin, mediante anuncio publicado no BOP do día 30 de marzo de 2020 abríuse un prazo de quince días naturais a contar dende o día seguinte da finalización do estado de alarma, durante os cales calquer persoa interesada podería presentar perante o Rexistro Xeral do Concello a súa candidatura ao posto de Xuíz de Paz, acompañada dun currículum vitae expresivo da súa traxectoria profesional e académica.

Os candidatos deberán ter a nacionalidade española, seren maiores de idade, non acadar a idade legal e xubilación forzosa e non atoparse incursos nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que establece a Lei.

Constátase a presentación de dous candidaturas para desempeñar o posto de xuíz de paz:

- A presentada o día 11 de maio de 2020 por don Jesús Dositeo Piñeiro López, con DNI 33309687Y.

Alega como mérito profesional o desempeñar o posto de xuíz de paz de Outeiro de Rei de xeito inninterrumpido dende o ano 2002.

Non alega mérito académico algún. É residente no termo municipal de Outeiro de Rei.

- A presentada o día 18 de xuño de 2020 por dona Andrea Riveló López, con domicilio no termo municipal de Monforte de Lemos.

Aporta diversos méritos académicos vencellados ao posto de traballo, tal e coma título de perito xudicial experto en valoración de inmobles e patrimonios ou o curso de prevención de riscos laborais. Actualmente está cursando o grao de Dereito.



Á vista de ámbalas solicitudes convén expor:

De xeito indiscutible, a candidata dona Andrea Rivelo ostenta meirandes méritos académicos. Pola contra, o candidato Jesús Dositeo Piñeiro proba uns méritos profesionais vencellados ao posto de traballo moi relevantes, coma é o feito de desempeñar dende abril do ano 2002 o posto de xuíz de paz.

Convén considerar que as funcións de xuíz de paz son funcións de baixo contido técnico-xurídico, e se basean en aptitudes que non se atopan exclusivamente vencelladas a méritos obxectivos (tales coma os meritos académicos ou profesionais) senón que son de apreciación discrecional por un órgano de contido esencialmente político, coma é o Pleno da Corporación.

Este xeito de designación, único no sistema Español para un posto integrado na planta xudicial, permite valorar aspectos difíciles de obxetivizar coma é o desempeño e traxectoria no exercizo das súas funcións.

Neste intre pódese valorar positivamente o traballo desempeñado ao longo de estos dezaoito anos por don Dositeo coma xuíz de paz, desempeño satisfactorio que permite impoñerse sobor a outra candidata que, se ben acredita un meirandes méritos académicos, carece de experiencia no exercizo de funcións xurisdiccionais.

Por tal motivo PROPOÑO ao Pleno da Corporación:

Propor ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o nomeamento de don Jesús Dositeo Piñeiro coma xuíz de paz do Concello de Outeiro de Rei.

Non xurdindo intervencións sométese a votación a proposta de resolución transcrita.

Realizada a votación a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4. APROBACIÓN PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN DAS NNSS. DELIMITACIÓN DO NÚCLEO DE CARTEL

O Alcalde propón ao Pleno da Corporación a aprobación provisional do proxecto de modificación das NNSS de Planeamento do Concello de Outeiro de Rei. Delimitación do núcleo rural de Cartel.

O Alcalde informa que a modificación do núcleo de Cartel xa se presentou outra vez ante o Pleno para a súa aprobación provisional. Non obstante, a Xunta introduxo no proxecto algunhas correccións, tanto dende o punto de vista da normativa patrimonial coma en relación á parcela mínima e algún outro detaxe pouco significativo.

Preténdese seguir a tramitación e volver a aprobalo provisionalmente coas modificacións esixidas pola Xunta para que ésta o aprobe definitivamente.

O concelleiro do BNG, Xosé Ferreiro, asegura que están a favor de que o núcleo de Cartel se convirta en núcleo rural ao igual que outros núcleos do concello e que non é de recibo que tendo os servizos necesarios non se poida edificar. O que non pode ser é o que está a acontecer neste Concello, que é que se condicione a levarse ben co Alcalde para que se poida edificar. Por tal motivo non están de acordo con este xeito de facer urbanismo e, en consecuencia, non apoiarán a proposta.

A concelleira do PSOE está a favor de que se declare núcleo rural o de Cartel e de que se



faga un Plan urbanístico xeral.

O alcalde contestalles aos dous partidos que tregiversan a realidade, deixando ver aos veciños de que se o concello quere pode construír onde se quere.

Afirma que en Outeiro xa fai bastante tempo sen que se promocionen novas urbanizacións e o Concello segue a crecer, e este crecemento débese a uns bos servizos e a un planeamento urbanístico que permite o crecemento.

Si a xente de fora se fixase no que vosteden dín e nos panfletos que colgan, este concello cada ano perdería moita poboación. Non lles deben facer moito caso porque o Concello segue a crecer.

O voceiro do grupo municipal do BNG recorda que a historia do urbanismo en Outeiro dalle a razón, xa que si en tódolos núcleos de Outeiro de Rei se pode construír, porqué cando se recalificou Cartel cando se recalifou Albite ou Penelas, ou Francos ou outros moitos?. Esperouse uns cantos anos.

Si Cartel cumpre tódolos requisitos para seren núcleo rural, porqué se esperou ata agora?. Porqué non se fixo cando había que facelo?. E como Cartel hai moitísimos núcleos máis que cumpren a normativa da Xunta de Galicia, que teñen tódolos servizos e nos que non se pode edificar.

¿Porqué a uns sí e a outros non?. Porque faise cando interesa. Por intereses políticos -descoñece si económicos- do Alcalde.

Esta é a realidade que denuncia o BNG. É unha auténtica discriminación a moitísimos veciños do Concello que non pode permitirse. E mentres esta situación non se corrixa non poden contar co apoio do BNG.

En relación as urbanizacións, existen sitios neste concello no que se está a edificar tanto coma nas urbanizacións pero sin os beneficios das urbanizacións, o que é bastante peor.

O Alcalde considera que o voceiro do BNG se contradice, xa que por unha parte lle parece mal que se edifique no núcleo rural e por outra pretende que se delimiten máis núcleos. Non obstante, o Concello seguirá a delimitar núcleos sempre que reúnan os requisitos legais.

A historia de Outeiro de Rei parécelle bastante brillante, e soamente hai que ver o que está a crecer dende fai anos.

Neste intre incorpórase a concelleira Tania Díaz Seijas.

Conclúe o Alcalde que o Concello seguirá a dotar aos núcleos dos mellores servizos posibles e as urbanizacións en dificultades, coma A Palloza, de axudarlles para solucionar os problemas existentes.

Remata recordando que os plans urbanísticos deben ser flexibles para adecuarse ás circunstancias sociais, e por tal motivo seguirán a modificar o planeamento sempre que se sexa necesario e o queira a maioría dos veciños.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación provisional da modificación puntual das NNSS. Delimitación do núcleo de Cartel.

Realizado a votación, a proposta resulta aprobada con nove votos a favor e catro abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.



5 e 6. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO e APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCALES REGULADORAS DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE E DE SUMIDOIROS

A concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE propón tratar conxuntamente os puntos 5 e 6.

Existe unanimidade dos grupos sobre esta proposta, polo que se abordan conxuntamente as seguintes propostas:

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCALES REGULADORAS DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE E DE SUMIDOIROS

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Actualmente, ao igual que ven facendo dende fai anos, o Concello está a prestar regularmente o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, para o cal conta cunha moi extensa rede de distribución que abrangue a totalidade das parroquias do termo municipal.

A ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de este servizo actualizouse por última vez no ano 2012. Dende entón as taxas mantivéronse invariables a pesares do incremento paulatino dos custes de xestión, vencellados á mellora da calidade do servizo e máis á inflación.

O considerando 38 da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, poa que se establece un marco comunitario de actuación no eido da política de augas dispón:

O principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais e os relativos aos recursos asociados aos danos ou para os efectos adversos sobre o medio acuático, deben terse en conta, en particular, en virtude do principio de que quen contamina paga. Con este fin, será necesario unha análise económica dos servizos da auga baseado en previsións a longo prazo da oferta e a demanda de auga na demarcación hidrográfica

Do mesmo xeito, o artigo 9 da dita Directiva establece:

Artigo 9 Recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga

Os Estados membros terán en conta o principio da recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais e os relativos aos recursos, á vista da análise económica efectuada con arranxo ao anexo III, e en particular de conformidade co principio de que quen contamina paga.

Os Estados membros garantirán, como moi tarde en 2010:



- que a política de prezos da auga proporcione incentivos adecuados para que os usuarios utilicen de forma eficiente os recursos hídricos e, por tanto, contribúan aos obxectivos ambientais da presente Directiva,

- unha contribución adecuada dos diversos usos da auga, desagregados, polo menos, en industria, fogares e agricultura, á recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, baseada na análise económica efectuada con arranxo ao anexo III e tendo en cuenta o principio de que quen contamina paga.

A actualización da taxa pola prestación do servizo constitúe, polo tanto, un mandato, tanto fiscal (tendente a garantir a estabilidade orzamentaria) coma ambiental, co gallo de internalizar por vehículos fiscais os custes ambientais do servizo.

Por tal motivo propono ao Pleno da Corporación a modificación da ordenanza fiscal, de xeito que quede redactada como segue:

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE

Artigo 1. Imposición e Ordenación.

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación efectiva do servizo de abastecemento de auga potable, integrado tanto polas actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores, como do tratamento e posterior distribución e suministro de auga potable.

A tal efecto, entenderase por actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores, o conxunto de actuacións materiais e administrativas necesarias para dotar de suministro á parcela sobor o que se ubica a edificación receptora do servizo, tales como tramitación do expediente de concesión do servizo, obtención de autorización e e permisos de outras administracións públicas, tendido das liñas dende a rede xeral ata o límite de parcela, colocación de contadores... etc.

No suposto de edificios suxeitos ao réxime de propiedade horizontal no que existisen varios usuarios, as actuacións de dotación do servizo a cada elemento privativo do inmovible constituirán feitos imponibles diferentes que darán lugar ao devengo dunha cuota tributaria de enganche de líneas para cada elemento privativo.

Entenderase suministro de auga potable as actuacións previstas no Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade do auga de consumo humano, con excepción das actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores.

Artigo 3. Devengo da taxa

A Obrigación de contribuir nace:



Respecto da cuota tributaria derivada do enganche de lineas; no momento da presentación da solicitude do servizo no rexistro xeral do Concello de Outeiro de Rei.

Respecto da cuota tributaria derivada do suministro regular de auga potable, o derradeiro día de cada bimestre natural.

Artigo 4. Obrigados tributarios.

-Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de contribuíntes da cuota de enganche, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliten o enganche de líneas e colocación de contadores.

- Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes da cuota de suministro, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen os edificios ou instalacións preceptoras do servizo.

-Serán substitutos do contribuinte os propietarios dos inmobles sobor os que recaen as actuacións de prestación do servizo. A estes efectos, nos inmobles suxeitos a réxime de propiedade horizontal, serán substitutos do contribuinte das cuotas devengadas polos enganches a lineas e colocación de contadores ubicados nos elementos comúns do inmovible, a Xunta de Propietarios, e serán substitutos do contribuinte das cuotas devengadas polos enganches e colocación de contadores ubicados nos elementos privativos do inmovible, os titulares dominicales dos mesmos.

-No suposto de que a edificación ou intalación receptora do servizo estivera suxeito a algún réxime de propiedade horizontal, terán a condición de responsables tributarios solidarios das cuotas devengadas polos enganches a lineas e colocación de contadores ubicados nos elementos comúns do inmovible os propietarios dos elementos privativos do inmovible, que responderán da débeda tributaria en proporción á súa cuota de participación nos elementos comúns

Artigo 5. Base imponible.

A base imponible da taxa a constitúen a totalidade dos custes previsibles da prestación do servizo de abastecemento de auga potable, integrados tanto polas actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores, como do tratamento e posterior distribución de auga potable.

Para a aplicación das cuotas tributarias variables en función do consumo efectivo de auga potable, estarase as seguintes regras:

Entenderase como consumo efectivo o rexistrado no contador.

No suposto de que o servizo municipal apreciase unha manipulación do contador, entenderase como consumo efectivo o meirande de entre o rexistrado no contador no período correspondente ou o rexistrado no bimestre anterior.

Artigo 6. Cuotas tributarias e garantías tributarias.

As cuotas triburias da taxa son as seguintes:

Actuación de enganche a lineas: 1084,43 euros.

Suministro de auga potable a edificacións e instalacións de uso residencial ou agrícola:



Consumo mínimo (ata 16 m3): 8 euros.

De 16 a 42 m3: 0,58 euros/m3

Máis de 42 m3: 0,98 euros/m3

Suministro de auga potable a edificacións e instalacións de uso comercial ou industrial:

Consumo mínimo (Ata 42 m3): 24,52 euros

Máis de 42 m3: 0,98 euros/m3

Supostos especiais de determinación da cuota tributaria:

A fixación da cuota tributaria pola prestación do servizo ao centro penitenciario de Bonxe se efectuará no correspondente convenio ou contrato asinado co órgano competente.

Fianza: No momento de alta no servizo municipal de auga potable, os aboados deberán constituir perante a tesourería municipal, unha fianza en metálico pola contía de 108,18 euros.

Adecuación da cuota tributaria á calidade do servizo:

Estabrécese unha deducción de 2 euros na cuota triburaria por cada día de interrupción na prestación do servizo, sen o previo aviso ou publicación.

A cuota triburaria resultante da aplicación de esta deducción, non poderá ser inferior ao 50% da cuota íntegra.

A aplicación da presente deducción se efectuará a solicitude do interesado.

Actualización da cuota ao IPC

As cuotas contidas na presente Ordenanza experimentarán un incremento anual igual ao incremento que experimente o Índice de Precios ó Consumo fixado polo INE a nivel nacional a día 31 de decembro de cada ano e con referencia ao 31 de decembro de 2011.

Co gallo de mellorar a seguridade xurídica, a Xunta de Goberno publicará no primeiro bimestre de cada ano as contías da cuota tributaria resultantes de ditas actualizacións.

Artigo 7. Xestión tributaria.

A xestión tributaria das cuotas derivadas das actuacións de enganche de lineas e colocación de contadores se efectuará mediante liquidación tributaria xirada de oficio pola administración.

A xestión triburaria das cuotas derivadas das actuacións de suministro efectuarase mediante a aprobación de padróns bimestrais.

Estos padróns terán a natureza de liquidacións triburarias colectivas, notificándose colectivamente no xeito estabrecido pola lexislación triburaria vixente.

Os padróns da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable podrán xestionarse conxuntamente cos padróns das taxas pola prestación do servizo de evacuación de augas residuais e recollida e tratamento de lixo”.



José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

O avance que as políticas ambientais están a experimentar nos últimos anos levaron a implantar con carácter xeral accións e programas de valorización de residuos, de xeito que hoxe en día a recollida selectiva ofrécese con carácter xeral en todo o termo municipal. Esta evolución natural do servizo conleva un incremento paulatino dos custes de prestación.

Por outra banda, a ordenanza fiscal vixente data do ano 2012, polo que dende fai oito anos que non se actualizan as cuotas tributarias.

Existe, polo tanto, un desfase importante entre o custe do servizo e a súa repercusión ao cidadán, desfase que debe minorarse, tanto por razóns fiscais (na procura de estabilidade orzamentaria) coma polas propias políticas ambientais, xa que a repercusión fiscal dos custes ambientais (quen contamina, paga) constitúe un principio reitor do novo modelo económico.

Por todo o anterior propoño ao Pleno da Corporación a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida e tratamento de lixon en Outeiro de Rei, de xeito que quede redactada como segue:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO EN OUTEIRO DE REI

Artigo primeiro.- Imposición e Ordenación:

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo Segundo.- Feito Impoñible:

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria da recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbáns de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como o seu ulterior tratamento.

Artigo terceiro.- Suxetos pasivos:

Son suxetos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

Terá a consideración de suxeto pasivo sustituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo cuarto.- Exencións.

1.- Cando, para un mesmo contribuínte e nun único establecemento ou vivenda, concurren circunstancias que determinen a aplicación de epígrafes diferentes da tarifa por



prestación obrigatoria do servizo, satisfarase unicamente por aquela da que resulte á cota máis elevada.

2.- Non estarán suxectos ó pago da taxa os garaxes anexos ás vivendas unifamiliares ou locais de negocio ou destinados a todo o inmovible, sempre que ditos garaxes estén no mesmo inmovible e se satisfagan as taxas correspondentes á vivenda ou local.

Artigo quinto.- Cota tributaria.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local ou vivenda que se determinará en función da natureza e destino dos inmovibles e da súa situación, tén carácter irreducible e corresponde a cada bimestre natural.

A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

EPIGRAFE 1º.

ZONA URBANA

Vivenda familiar:18,38 Euros

MEDIO RURAL

Vivenda familiar:.....12,26 Euros

EPIGRAFE 2º.

Establecementos comerciais e industriais cuia cota

tributaria no Imposto de Actividades Económicas se

atope por debaixo das 150,25 euros 43,36 Euros

EPIGRAFE 3º.

Idem. cuia cota tributaria se atope encadrada

entre 150,25 e 601,01 euros 86,77 Euros.

EPIGRAFE 4º.

Idem. entre 601,01 e 1.202,02 Euros.....289,23 Euros

EPIGRAFE 5º.

Idem. entre 1.202,02 e 6.010,12 euros577,5 Euros

EPIGRAFE 6º.

Idem. entre 6.010,12 e 30.050,61 euros1.156,95 Euros

EPIGRAFE 7º.

Idem.. cota tributaria do I.A.E. supere os 30.050,61 euros.....2.602,49 Euros



EPIGRAFE 8º.

CATEGORÍA ESPECIAL

Centro Penitenciario de Bonxe12.263,65 Euros

Xeriátricos e Hoteis de catro estrelas óu máis..... 5,46 euros/cama / bimestre

As cuotas contidas na presente Ordenanza experimentarán un incremento anual igual ao incremento que experimente o Índice de Precios ó Consumo fixado polo INE a nivel nacional a día 31 de decembro de cada ano e con referencia ao 31 de decembro de 2011.

Co gallo de mellorar a seguridade xurídica, a Xunta de Goberno publicará no primeiro bimestre de cada ano as contías da cuota tributaria resultantes de ditas actualizacións.

Artigo sexto.- Devengo

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando está establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixos domiciliarios nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais suxeitos á taxa.

2.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengaránse o primeiro día de cada bimestre natural, salvo que o devengo da taxa se produxese con posterioridade a dita data, en cuio caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

Artigo sétimo.- Declaración e ingreso

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes ó en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxetos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentado ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro bimestre.

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquer variación dos datos figurados na matrícula, levaránse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se haxa efectuado a variación.

3.- O pago do tributo realizarase obrigatoriamente mediante domiciliación bancaria.

Artigo oitavo. – Xestión

A xestión triburaria das cuotas efectuarase mediante a aprobación de padróns bimestrais.

Estos padróns terán a natureza de liquidacións triburarias colectivas, notificándose colectivamente no xeito estabrecido pola lexislación triburaria vixente.

Os padróns da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo poderán xestionarse conxuntamente cos padróns das taxas pola prestación do servizo de evacuación de augas residuais e abastecemento de auga potable.

Artigo noveno.- Infraccións e sancións

En todo o relativo ás calificacións de infraccións triburarias, ase como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na lexislación triburaria.



DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse o primeiro bimestre seguinte ao da súa entrada en vigor.

O Alcalde expón as cifras que arrojan as memorias económicas dos servizos, que poñen de manifesto un déficit de financiamento do servizo polas taxas actuais de 150.878 euros no caso do servizo de recollida de lixo, e de 82.609 euros nos servizos de auga.

A subida do 20% na taxa do lixo permite reducir o déficit de financiamento a 53.093,32 euros, namentes que a suba da taxa da auga permite reducir o déficit a 31.058 euros, polo que todavía queda un déficit de financiamento considerable.

Parte do actual descuadre débese a que fai máis de doce anos que non se actualizan as taxas ao IPC.

Este déficit poderá asumilo o Concello sen repercutirlo aos veciños cunha boa xestión.

Informa que a media dos últimos seis meses, 6300kgs/día fronte aos 5.300 habitantes, polo que superamos a media de produción de lixo por habitante. É certo que temos a cárcel e que moitas vivendas son vacacionais e nelas non hai xente empadronada, pero pon de manifesto unha realidade propia de un concello de máis de 6000 habitantes máis aló dos datos do empadronamento.

Considera que o incremento das taxas é razoable. Preferiría non ter que facela, pero de non ser así habería que reducir outros servizos.

A concelleira do PSDG-PSOE puntualiza que a data da última actuación das taxas é 2012.

Afirma que o equipo de goberno agardou a pasar as eleccións autonómicas para facer esta modificación fiscal.

Tamén afirma que en relación ao servizo do lixo, debería facerse unha campaña dirixida aos veciños do concello para concienciar sobor a produción do lixo. Considero que podería reducirse a produción de lixo nos fogares (especialmente plásticos), o que tería repercusións ambientais e económicas moi favorables.

Tamén debería procurarse que todo o mundo pague as taxas pola prestación do servizo de recollida do lixo, xa que lle consta que non todo o mundo o fai.

Considera que o incremento actual é bastante importante, e preguntase porqué non se fixo pouco a pouco.

Propón que rebaixe o custe do enganche do auga, xa que permitiría que se enganchase máis xente oa servizo e, consecuentemente, que se distribuíse o custe do mesmo entre máis contribuíntes.

A concelleira do BNG pola súa banda fai referencia as seguintes emendas presentadas polos concelleiros do grupo municipal do BNG:

EMENDAS DE ENGADIDO NA ORDENANZA MUNICIPAL DE SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Elvira Lombao Vila, Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleira e concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes



EMENDAS de ENGADIDO no texto da Ordenanza Municipal do Servizo de Recollida e Tratamento do Lixo no Concello de Outeiro De Rei:

Emenda de ENGADIDO número 1:

Páxina 1, inserir como artigo primeiro:

Artigo primeiro.- Todos os apartados que se contemplan na presente ordenanza e que supoñen unha subida na contía da taxa, non entrarán en vigor mentres duren os efectos sociais e económicos derivados da crise sanitaria provocada pola Covid-19

(os demais artigos incrementarán o seu número de orde para axeitarse ao engadido deste artigo)

Emenda de ENGADIDO número 2:

(Para inserir entre o artigo décimo, artigo nove no texto orixinal, e a DISPOSICIÓN FINAL)

Disposición transitoria:

A presente ordenanza non entrará en vigor ata que o concello aprobe e publique un regulamento que contemple dun xeito democrático, transparente e igualitario as condicións que debe cumprir a veciñanza para ter dereito ás exencións e axudas ao pagamento das taxas reguladas na presente ordenanza, de forma que calquera persoa do concelle saiba de antemán cando terá dereito a estas exencións e/ou axudas para facer fronte ás devanditas taxas.

EMENDAS DE ENGADIDO NA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE ABASTECIMIENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE E DE EVACUACIÓN E TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Elvira Lombao Vila, Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleir a e concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes

EMENDAS de ENGADIDO no texto da Ordenanza Municipal do Servizo de Recollida e Tratamento do Lixo no Concello de Outeiro De Rei:

Emenda número 1 (SUBSTITUCIÓN):

Páxina 2: Poñer o nome completo da ordenanza no título:

Substituír “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS” por “ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE ABASTECIMIENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE E DE EVACUACIÓN E TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI”

Emenda número 2 (ENGADIDO)

Endadir nesa páxina 2 un artigo inicial, como artigo número 1:

Artigo 1.-Todos os apartados que se contemplan na presente ordenanza e que supoñen



unha subida na contía da taxa, non entrarán en vigor ata que rematen completamente os efectos sociais e económicos derivados da crise sanitaria provocada pola Covid-19

(os demais artigos incrementarán o seu número de orde para axeitarse ao engadido deste artigo)

Emenda número 3 (ENGADIDO):

(Para inserir despois do articulado, ao remate do texto)

Disposición transitoria final:

A presente ordenanza non entrará en vigor ata que o concello aprobe e publique un regulamento que contemple dun xeito democrático, transparente e igualitario as condicións que debe cumprir a veciñanza para ter dereito ás exencións e axudas ao pagamento das taxas reguladas na presente ordenanza, de forma que calquera persoa do concello saiba de antemán cando terá dereito a estas exencións e/ou axudas para facer fronte ás devanditas taxas.

Engade a concelleira do BNG que son perfectamente conscientes de que os impostos son necesarios para prestar servizos, pero tamén que coa actual recadación deberíanse prestar servizos de calidade e no Concello de Outeiro de Rei, tanto o servizo de auga coma o de recollida de lixo deixan moito que desexar.

Por outra banda, non é certo que se preste o servizo de recollida selectiva en todo o concello, e o BNG xa presentou varios escritos ante este Pleno instando á colocación de máis contenedores amarelos, de plástico... e seguen sen estar.

Seguimos a ver mes tras mes lixo a carón dos contenedores: en Matela, no Piago... é unha realidade cotiá que se repite nos mesmos sitios mes tras mes.

No servizo de auga, cando pinga un pouco a auga vólvese loda. Outro problema á a presión, que nalgúns puntos é totalmente insuficiente.

Si realmente ten en conta a realidade socioeconómica da veciñanza, debería considerar a proposta contida nas emendas, nas que se propón retrasar a súa eficacia até que a situación do país xerada polo COVID se normalice.

Recorda que o Alcalde afirmou na comisión informativa que o incremento do custe débese, en parte, ao incremento da frecuencia de recollida e máis á limpeza das beirarúas. Solicita que lle pregunte aos veciños das urbanizacións qué limpeza de beirarúas teñen por alí.

Considera que o Concello ten o deber de adoptar medidas para permitir que os afectados polo COVID poidan facer fronte a suba proposta.

Por tales motivos non poden apoiar estas propostas.

O Alcalde resposta á concelleira do PSOE que sempre estamos antes de unhas eleccións, xa que nos últimos anos cada seis meses ou pouco máis temos un proceso electoral.

En relación á campaña sobre a concienciación, cada pouco faise algunha campaña. Tamén estase a implantar o servizo de recollida FORSU.

Descoñece si hai alguén que non pague o lixo. Incluso un sistema tan potente coma o da AEAT non evita que sega a haber fraude fiscal. Nos seguiremos a procurar que esto non suceda, xa que non hai algo máis inxusto que non facer fronte as obrigas fiscais coas que se sosteñen os servizos públicos.



En relación á pregunta de porqué non se subiron antes pouco a pouco as taxas, considera que os veciños virían pagando máis dende fai máis anos para atoparse na actualidade cunha situación coma a proposta.

O enganche da auga permite chegar coa rede de auga a todo o rural, o que non acontece noutros concellos nin tan sequera na capital da Provincia onde gobernan os grupos que aquí están na oposición, xa que en Lugo hai parroquias onde non existe servizo de auga.

Esta taxa de enganche na meirande parte dos supostos non cubre nin remotamente os custes, xa que con esos custes unha empresa non realiza as obras de canalizacións de máis de trescentos metros en vías municipais que se están a facer polo servizos municipais.

As emendas deben defendelas o BNG, se ben considera que a proposta que conteñen (que se aprace a suba tributaria até que se solucione a crise do COVID) é impredecible, xa que non se coñece cándo finalizará esta crise, e non cree que o Goberno poida dicir cándo finalizará cando non é capaz (intencionadamente) de contar os mortos.

Comparte a afirmación da concelleira do BNG según a cal son necesarios os impostos para prestar servizos, e recorda que para que a xente se asente no rural os servizos son imprescindibles, e neste concello está asentándose poboación precisamente polos servizos que prestamos.

En relación á recollida selectiva, o concello está a mellorar progresivamente o servizo e, este ano, ubicarán aproximadamente un cento de novos contenedores amarelos, xa que o crecemento que temos está a incrementar a demanda do servizo.

O Concello está invertindo constantemente no servizo da auga. Acabamos de facer unha inversión de 600.000 euros no reforzo da rede para que siga habendo presión, xa que o crecemento poboacional esixe un constante reforzo do servizo.

O Plan E, que outros concellos empregaron noutros proxectos, o Concello de Outeiro de Rei adicouno á potabilizadora e a ampliar o depósito de auga potable. Namentres outros concellos están a perder poboación -polo que non requieren novas inversión – nos estamos a crecer, o que ocasiona a necesidade de invertir nestos servizos (nas redes, na impulsión, nos tratamentos...etc.).

Si no seu momento se executase o proxecto de presa no río Narla para abastecer a Lugo, Rábade e Outeiro, agora teríamos unha solución moito máis sinxela e menos custosa. Pero o goberno de esquerdas decidiu executar o proxecto e solucionar o problema á cidade e abandonar aos concellos pequenos.

A medida que sigamos a crecer debermos seguir a invertir, xa que en pouco tempo teremos que ampliar a potabilizadora e máis os depósitos, pero é o custe do crecemento.

Precisamente porque temos en conta a situación socioeconómica, limitamos a suba das taxas de forma tal que todavía resta un déficit de preto de 100.000 euros, xa que de non ser así as taxas deberían cubrir o custe do servizo.

En relación á limpeza das beirarrúas, se ben se limpan tódolos anos, fai dous anos fíxose unha limpeza especial cunha hidrolavadora. Gustaríalle prestar este servizos con máis frecuencia, desbrozar as estradas tres veces ao ano... etc. pero isto implicaría unhas taxas máis elevadas.

Por tal motivo, espera que con ese rescate da Unión Europea de 140.000 millóns de euros, se axude aos concellos a prestar servizos sen teren que soportalos fundamentalmente con taxas e



equilibrar os gastos. Espera que con esos cartos o Estado asuma os seus compromisos en servizos sociais, xa que o seu incumprimento está a producir un desequilibrio ao concello de 200.000 euros ao ano.

Recorda que o servizo de axuda no fogar debería págalo o Estado e máis a CCAA, e o Estado está a pagar o 25%, a CCAA o 50% e o concello o 25% restante.

Con esta situación os concellos non teñen máis opcións que, para prestar servizos, repercutir os seus custes aos veciños.

Nos estamos a facer un esforzo considerable para non repercutir a totalidade do custe do servizo aos veciños e seguir a prestar un servizo de calidade e mesmo a melloralo.

Seguiremos tamén a procurar que todo o mundo pague o que lle corresponde e que ninguén defraude á facenda municipal e seguiremos a mellorar o servizo, extendo a recollida selectiva e do FORSU, instalando como 100 contenedores máis de plástico en todo o termo municipal ou mellorando a limpeza das rúas.

A concelleira do BNG solicita que se voten as emendas presentadas. Tamén reprocha ao PP que proclame slongans bonitos coma a de asentar poboación no rural, pero o certo é que para iso é necesario implantar servizos de calidade. Alédase que o goberno municipal faga caso aos plantexamentos do BNG e extenda a recollida selectiva por todo o concello. É certo que dan loita con iso, pero si dá resultado ben está.

O Alcalde afirma que sempre fai caso aos plantexamentos que presente o BNG ou quen sexa, e se é razoable e convinte para o interese público, se adoptarán. Eso sí, si non son interesantes se rexeitarán, sexan ou non do BNG.

En relación á implantación da recollida selectiva polo termo municipal, recórdalle que dende fai moitos anos que hai contenedores verdes, marelos, de vidro e máis de papel, o que sucede é que non hai os suficientes, e o que se está a facer é aumentar progresivamente, ano tras ano, o número de contenedores. Os verdes están a incrementarse a razón de 50 ao ano dende fai tempo e de 10 ou 15 de marelos. O obxectivo é que en tódolos sitios onde hai un contenedor verde haxa un contenedor amarelo. En moitos sitios xa hai de ambos tipos, pero non en tódolos sitios.

A novidade é a aposta pola recollida FORSU. Este concello foi o primeiro de Galicia en asumir este tipo de recollida cun plan piloto e este servizo vaise a consolidar por temas ambientais. As políticas ambientais son moi importantes a pesares de que a esquerda pareza esquecelas. Empezarase nas urbanizacións e logo ampliárase a outros núcleos de certa entidade.

En relación á España baleirae a necesidade de servizos, lóxicamente non é o mesmo Santo Tomé que Guillar, pero en Santo Tomé existe servizo de abastecemento de auga potable e recollida de lixo, un suministro de electricidade de calidade e a rede viaria municipal en perfecto estado. Polo tanto, o PPdG non fai slóngans bonitos sobre o medio rural, senón que cumpre o que promete, namentres que outras Administracións gobernadas por outros partidos non o atenden do mesmo xeito, coma a Deputación.

Basta mirar cóma a Deputación acaba de limitar a 10 toneladas a circulación pola ponte do Piago, o que implica illar as parroquias que deben cruzar o río, xa que para o paso do transporte escolar ou da maquinaria necesaria para o funcionamento da actividade económica. O que fai a Deputación cortando as vías de comunicación é tanto como dicir; “que se vaia toda a xente de aquí”.

E neste son igualmente responsables o do PSOE e do BNG, xa que o goberno da



Deputación corresponde ao PSOE máis o PSOE. Son estes dous partidos políticos responsables do illamento de oito parroquias do Concello, e todo para evitarse un poucos cartos de reparación dunha ponte.

Neste intre auséntase a concelleira Begoña Seco Varela, quen se incorpora no intre da votación das propostas de resolución.

O asentamento de poboación o rural require de moitísimo traballo, moitísimo esforzo e inversión, xa que a xente ten que ter servizos e ten que ter a seguridade de os vai ter e de qué calidade.

En relación ás emendas, xa expuso a razón pola que non as poden aprobar, que é que non se pode demorar a actualización tributaria.

Rematado o debate, sométense a votación as emendas presentadas polo grupo municipal do BNG anteriormente transcritas.

Realizada a votación, as emendas resultan rexeitadas con catro votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE e oito votos en contra.

A continuación sométense a votación as propostas de aprobación provisional transcritas.

Realizada a votación, as propostas resultan aprobadas con nove votos a favor e catro votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as 14:30 minutos, e da que eu, Secretario, extendo e asino o presente acta co visto e prace do Alcalde.

Asdo.: O Secretario

VºPº; O Alcalde

